



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA SOBRE ANULACIÓN E AMPLIACIÓN DO NUMERO DE PRAZAS DAS EDICIÓNS DO CURSO “FC11011 MANEXO E FUNCIONAMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA GESTIÓN MINERA DE GALICIA”.

ANTECEDENTES:

1.- Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG N° 247 do 27 de decembro de 2010).

Asunto: Anulación da edición a celebrar en Santiago de Compostela os días 22 e 23 de marzo e ampliación do número de prazas da edición a celebrar en Santiago de Compostela os días 15 e 16 de febreiro do Curso FC11011 Manexo e funcionamento da aplicación informática GESTIÓN MINERA DE GALICIA.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG N° 247 do 27 de decembro de 2010), na súa base novena, apartado C dispón” No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que se empregarán os medios de notificación previstos na normativa vixente ás persoas interesadas.”

A vista de que o a edición a celebrar en Santiago de Compostela os días 22 e 23 de marzo do curso FC11011 Manexo e funcionamento da aplicación informática GESTIÓN MINERA DE GALICIA non recibiu ningunha solicitude e a vista do elevado número de solicitudes formuladas na edición a celebrar en Santiago de Compostela os días 15 e 16 de febreiro, do mesmo curso, e non afectando a calidade da formación a impartir.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**



- 1.- Anular a edición a celebrar en Santiago de Compostela os días 22 e 23 de marzo do curso FC11011 Manexo e funcionamento da aplicación informática GESTIÓN MINERA DE GALICIA.
- 2.- Ampliar o número de prazas ofertadas a vinte e unha , na edición a celebrar en Santiago de Compostela os días 15 e 16 de febreiro, do curso FC11011 Manexo e funcionamento da aplicación informática GESTIÓN MINERA DE GALICIA.
- 3.- - Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011

O director

Pablo Figueroa Dorrego